




ANTIQUA (PENDENTES)

MECANISMO DE RECUPERACIÓN DA MATERIA

Para os alumnos que teñan esta materia pendente, estes será o mecanismo de recuperación.

a) Exames:

1º: celebrarase no 1º trimestre, e incluírá os seguintes contidos:

- Xeografía de Grecia: lugares máis importantes.
- Historia de Grecia: fases principais.
- Xeografía de Roma: lugares máis importantes.
- Historia de Roma: fases principais.
- Sociedade e formas de goberno gregas.
- Sociedade e formas de goberno romanas.

2º: terá lugar no 2º trimestre, e incluírá os seguintes contidos:

- A romanización de Hispania: restos arqueolóxicos principais.
- A mitoloxía grecorromana: principais deuses e lendas.
- A familia de linguas indoeuropeas: principais grupos e idiomas.
- Os alfabetos latino e grego: orixe e valor dos símbolos.
- Orixe do noso léxico: etimoloxías gregas e latinas.
- Xéneros literarios clásicos: principais autores e obras.
- Arte grega: principais manifestacións.

De non aprobar un dos dous parciais, ou ningún, o alumnado nesa situación deberá realizar un exame final.

BLOQUE 1

XEOGRAFÍA DE GRECIA

MAPA



Principais cidades:
Atenas, Esparta, Pérgamo, Éfeso, Alexandría (Exipto)

BLOQUE 2


HISTORIA DE GRECIA

CRONOLOXÍA	CENTRO DE ATENCIÓN	FEITOS IMPORTANTES	FORMA POLÍTICA
ÉPOCA MINOICA (2200-1600 a. C.)	Creta	Comercio con Exipto e co Mar Exeo Conquista de Creta polos micénicos	Monarquía
ÉPOCA MICÉNICA (1600-1100 a. C.)	Micenas e o Peloponeso	Guerra de Troia (gregos contra troianos, con vitoria grega) e invasións dorias (desaparición dos micénicos)	Monarquía
IDADE ESCURA (1100-750 a. C.)			(Monarquía)
IDADE ARCAICA (750-580 a. C.)		Colonización do Mediterráneo	<i>Polis</i> (cidade-estado) Oligarquía
IDADE CLÁSICA (580-336 a. C.)	Atenas	490-479: Dúas Guerras Médicas (gregos contra persas, con vitoria dos gregos) e formación da Liga Délica (asociación de <i>poleis</i> con hexemonía de Atenas)	<i>Polis</i> (cidade-estado) Democracia e oligarquía
	Esparta	431-404: Guerra do Peloponeso (Atenas contra Esparta, con vitoria de Esparta)	
	Tebas	371-362: Guerra entre Tebas e Esparta (vitoria de Tebas)	
IDADE HELENÍSTICA (336-27 a. C.)	Macedonia	336-323: Conquistas de Alexandre Magno	Monarquía
	Grecia	197-27: Conquista romana de Grecia	Provincia romana

BLOQUE 3

XEOGRAFÍA DO IMPERIO ROMANO

Áreas principais sinaladas no seguinte mapa:



BLOQUE 4

HISTORIA DE ROMA

CRONOLOXÍA	FEITOS IMPORTANTES	
FUNDACIÓN E MONARQUÍA (753-509 a. C.)	21 de abril de 753 a. C.: Fundación 509 a. C.: Rebelión da nobreza patricia e expulsión dos reis	
REPÚBLICA (509-27 a. C.)	Ata as Guerras Púnicas (509-264)	Patricios e plebeos entran en conflito pola igualdade de dereitos: acórdase o código escrito das Leis das XII Táboas (450) Os galos saquean Roma (390): ningún inimigo entrará en Roma ata o final do Imperio Expansión cara ó sur de Italia e Grecia
	As Guerras Púnicas (264-146)	Roma choça na súa expansión mediterránea con Cartago. Librará tres guerras contra ela, das cales a máis perigosa será a II Guerra Púnica ou Guerra de Aníbal (218-201)
	Crise da República (146-27)	Os políticos romanos recorren cada vez máis ó exército para gobernar un enorme territorio: César conquista a Galia (60-50) César é visto como sospeitoso de tomar o poder absoluto, e é asasinado (44) Guerras civís entre os sucesores de César (43-30), das cales sae vencedor Gaio Octavio, coñecido como Octavio Augusto, que instaura o Imperio
IMPERIO (27 a. C.-476 d. C.)	Alto Imperio ou Principado (27 a. C.-281 d. C.)	Primeiras dinastías: máxima expansión territorial do Imperio Romano s. III: Anarquía militar
	Baixo Imperio ou Dominado (281-476 d. C.)	Diocleciano divide o Imperio entre Oriente e Occidente Constantino fai do cristianismo a relixión oficial do Imperio (313) Descomposición do Imperio e reparto entre os pobos xermánicos ata o final do Imperio Romano de Occidente (476)

BLOQUE 5

FORMAS DE GOBERNO DA ANTIGA GRECIA

A maioría das cidades-estado gregas experimentaron a seguinte evolución respecto ás súas formas de goberno:

MONARQUÍA ("goberno dunha soa persoa")
Apoiábase nos coñecidos como "áristoi" ("os mellores"), un reducido grupo de ricos terratenentes, que monopolizan o goberno



OLIGARQUÍA ("goberno dunhas poucas persoas")
Os "áristoi" continúan monopolizando o poder, pero xa sen a figura do rei



DEMOCRACIA ("goberno do pobo")
Como consecuencia da prosperidade comercial, aparece unha clase media adinerada que impulsa cambios destinados a facela participar do poder

BLOQUE 6

FORMAS DE GOBERNO DA ANTIGA ROMA

Ó longo da súa historia, Roma (e, con ela, o seu imperio), coñeceron tres formas de goberno:

MONARQUÍA (753-509 a. C.)
Unha asemblea na que só os patricios (a nobreza) tiña dereito a voto elixía como rei un dos membros do Senado, consello de goberno formado polos cabeza de familia da mesma clase social.



REPÚBLICA (509-27 a. C.)	
Varias asembleas de cidadáns, que inclúen a patricios e plebeios (os non nobres) elixen diversos cargos públicos, que nunca eran desempeñados por unha soa persoa, e entre os que destacan os seguintes:	
CÓNSUL	Xefatura do exército e capacidade de propoñer leis
PRETOR	Coordinación dos tribunais de xustiza e capacidade de propoñer leis
CUESTOR	Xestión do diñeiro público
EDIL	Abastecemento e organización da cidade de Roma
TRIBUNO DA PLEBE	Defensa dos intereses da plebe, con capacidade lexislativa e posibilidade de impedir a aprobación de normas que considere prexudiciais para os plebeios



IMPERIO (27 a. C.-476 d.C.)
Concentración de todo o poder na persoa do emperador, que nomea diversos axudantes, mentres que as institucións da República continúan existindo, pero baleiradas de todo poder real

BLOQUE 7

A ROMANIZACIÓN DE HISPANIA

MAPA



Restos arqueolóxicos importantes da Hispania romana:

Muralla de Lugo	
Ponte de Alcántara (Cáceres)	
Anfiteatro de Tarragona	
Acueducto de Segovia	
Teatro de Mérida	

BLOQUE 8

A MITOLOGIA GREGA E ROMANA

IMAXE	NOME GREGO	NOME ROMANO	MISIÓN
	ZEUS	XÚPITER	Pai da maioria dos deuses. Rei do Olimpo. Deus do trono e o lóstrego
	HERA	XUNO	Esposa de Zeus / Xúpiter. Deusa da feminidade
	AFRODITA	VENUS	Deusa do amor
	POSEIDÓN	NEPTUNO	Deus do mar
	DEMÉTER	CERES	Deusa da terra cultivada
	HADES	PLUTÓN	Deus do Inframundo (mundo dos mortos)

	ATENEA	MINERVA	Deusa da inteligência
	HEFESTO	VULCANO	Deus da fragua dos metais e do lume
	DIONISIO	BACO	Deus do vinho
	APOLO		Deus do sol, a música e a medicina
	ARTEMISA	DIANA	Deusa da caça
	ARES	MARTE	Deus da guerra
	HERMES	MERCURIO	Deus das viagens e o comércio. Mensageiro dos deuses

A GUERRA DE TROIA

O motivo mítico da guerra foi o rapto de Helena, esposa de Menelao, rei de Esparta. Tempo atrás, Helena tivera moitos pretendentes. O seu pai, Tindáreo, aconsellado por Ulises, obrigáraos a xurar que respectarían a decisión da moza, e mesmo acudirían en axuda do futuro marido, se este era atacado. Helena escolleu a Menelao.

Durante as vodas da deusa Tetis e o mortal Peleo, a deusa Eris (a Discordia) puxo unha mazá de ouro entre as deusas convidadas, e dixo que pertencía á máis fermosa delas. Hera, Atenea e Afrodita disputaron o título. Zeus decidiu que Paris, un dos fillos de Príamo, o rei de Troia, debería ser o árbitro. Para influír na súa decisión, Afrodita ofreceulle o amor de Helena de Esparta, e Paris declaroua vencedora.

Pouco despois, Paris estaba de visita na corte de Esparta, invitado por Menelao. Cando este acudiu a Creta ós funerais dun familiar, Paris, xa daquela seguro do amor de Helena grazas á intervención de Afrodita, fuxiu de Esparta con ela. Cando Menelao regresou e soubo da traizón, acudiu a Micenas, para pedirlle axuda ó seu irmán Agamenón. Este enviou unha mensaxe a cada un dos antigos pretendentes de Helena, lembrándolles o xuramento que fixeran, e así se formou a coalición grega contra Troia.

Durante os nove anos de asedio a Troia, Agamenón e Aquiles estiveron en conflito case constante, o que retrasou a conquista da cidade. O desencontro chegou a tal punto, que Aquiles decidiu deixar de loitar. Mais cando o seu amado curmán Patroclo caeu fronte a Héctor, líder do exército troiano e irmán de Paris, Aquiles reincorporouse ó combate para vingar a súa morte. Logo dun fero combate, Aquiles matou a Héctor.

O final da guerra propiciouno Ulises, que sempre exercera de conselleiro de Agamenón e de mediador nos conflitos entre os diferentes líderes gregos. Para conseguir tomar a cidade, cuxas murallas resultaran ata daquela inexpugnables, Ulises ideou unha brillante estratagem: os gregos simuláron abandonar o asedio, para o que levantaron o seu campamento e deixaron no seu lugar un enorme cabalo de madeira; os troianos consideraron que era unha ofrenda a Poseidón, o deus do mar, e decidiron apropiarse dela para levala como agasallo ó templo deste deus. Confiados, os troianos celebraron o que crían era a fin da guerra, pero, durante a noite seguinte, un grupo de soldados gregos que se agochaban no interior do cabalo descenderon del e abriron as portas da cidade ós seus compatriotas, que agardaban fóra. Troia foi saqueada e a guerra rematou.

Varios dos reis gregos participantes na guerra non tiveron un final moi feliz: Aquiles morreu durante a mesma toma da cidade, alcanzado no calcaño por unha frecha de Paris; e Agamenón foi asasinado pola súa esposa así que tornou a Micenas. Outros, como Ulises, tiveron que vagar moitos anos polo Mediterráneo adiante antes de conseguir volver á súa patria.

BLOQUE 9

O INDOEUROPEO E AS LINGUAS ROMANCES.

OS ALFABETOS GREGO E LATINO

Principais grupos da família indoeuropea, incluindo o romance (os idiomas derivados do latín), con algunhas linguas representativas das mesmas:

CÉLTICO	galés
	bretón
GREGO	grego clásico
	grego moderno
XERMÁNICO	alemán
	inglés
	danés
BALTOESLAVO	lituano
	ruso
	serbocroata
INDOIRANIO	hindí / urdu
	persa
ROMANCE	galego
	portugués
	castelán
	catalán
	francés
	italiano
	romanés

Os alfabetos son sistemas de escritura nos que, en principio, cada símbolo representa un son. Os gregos crearon o seu alfabeto a partir do que empregaban os fenicios, e os romanos adaptaron, á súa vez, o grego:

ALFABETO GREGO

maiúsc.	A	B	Γ	Δ	E	Z	H	Θ	I	K	Λ	M
minúsc.	α	β	γ	δ	ε	ζ	η	θ	ι	κ	λ	μ
nome	alfa	beta	gamma	delta	êpsilon	δseta	eta	zeta	iota	kappa	lambda	mi
/son/	/a/	/b/	/g/	/d/	/e/	/ds/	/e:/	/θ/	/i/	/k/	/l/	/m/
maiúsc.	N	Ξ	O	Π	P	Σ	T	Υ	Φ	Χ	Ψ	Ω
minúsc.	ν	ξ	ο	π	ρ	σ, ς	τ	υ	φ	χ	ψ	ω
nome	ni	ksi	ómicron	pi	ro	sigma	tau	ípsilon	fi	hi	psi	omega
/son/	/n/	/ks/	/o/	/p/	/r/	/s/	/t/	/ü/	/f/	/x/	/ps/	/o:/

ALFABETO LATINO

maiúsc.	A	B	C	D	E	F	G	H	I	K	L	M
minúsc.	a	b	c	d	e	f	g	h	i	k	l	m
nome	a	be	ce	de	e	ef	ge	ha/muta	i	ka	el	em
/son/	/a/	/b/	/k/	/d/	/e/	/f/	/g/	-	/i/	/k/	/l/	/m/
maiúsc.	N	O	P	Q	R	S	T	V	X	Y	Z	
minúsc.	n	o	p	q	r	s	t	u	x	y	z	
nome	en	o	p	cu	er	es	te	u	iks	i graecum	δseta	
/son/	/n/	/o/	/p/	/k/	/r/	/s/	/t/	/u/	/ks/	/ü/	/ds/	

BLOQUE 10

O NOSO LÉXICO E AS LINGUAS CLÁSICAS:

Todas as palabras que ves nas dúas columnas da esquerda proceden do latín. Na COLUMNA 1 aparecen palabras patrimoniais galegas e castelás (as que levan máis tempo no idioma e sufriron máis cambios fonéticos), e as palabras COLUMNA 2 son cultismos (palabras de creación máis recente). Finalmentet, na columna da dereita aparece a orixe latina das pabras correspondentes das COLUMNS 1 e 2:

COLUMNA 1	COLUMNA 2	ÉTIMO LATINO
nai / <i>madre</i>	maternal	<i>mater</i>
cheo, -a/ <i>lleno, -a</i>	pleno, -a	<i>plenus, -a, -um</i>
ferro / <i>hierro</i>	férreo, -a	<i>ferrum</i>
leite / <i>leche</i>	lācteo, -a	<i>lac, lactis</i>
ouro / <i>oro</i>	āureo, -a	<i>aurum</i>
noite / <i>noche</i>	nocturno, -a	<i>nox, noctis</i>
pedra / <i>piedra</i>	pétreo, -a	<i>petra</i>
folla / <i>hoja</i>	folio	<i>folia</i>
cabo	capital	<i>caput, -itis</i>
chamar / <i>llamar</i>	reclamar	<i>clamare</i>

Velaquí outra lista, esta vez con palabras baseadas no grego. Guíate pola columna TRANSCRICIÓN para entender a relación entre as palabras gregas e as actuais:

PALABRA ACTUAL	ÉTIMO GREGO	TRANSCRICIÓN	SIGNIFICADO
cardíaco, -a	κάρδια	kardía	"corazón"
televisión	τῆλε	tele	"lonxe"
osteoporose	ὀστέον	osteon	"óso"
encefalite	κεφαλή	kefalé	"cabeza"
paleolítico	παλαιός + λίθος	palaios + lithos	"antigo, -a" + "pedra"
polisílabo, -a	πολύς	polýs	"moito, -a"
xinecólogo	γυνή + λόγος	gyné	"muller" + "estudo"
filosofía	φιλία + σοφία	philos + sofía	"amor" + "sabedoría"
psiquiatra	ψυχή + ιατήρ	psyché + iater	"mente" + "médico"
xeografía	γῆ + γραφέω	ge + grapheo	"terra" + "describir"

BLOQUE 11

A LITERATURA CLÁSICA: XÉNEROS E AUTORES


Principais xéneros literarios greco latinos, cos seus autores e obras máis destacados:

XÉNEROS	AUTORES		OBRAS
Poesía épica (narración longa en verso de grandes fazañas, con intervención de deuses e heroes)	GRECIA	Homero	<i>Ilíada</i> (guerra de Troia) <i>Odisea</i> (retorno de Ulises á súa patria Ítaca)
	ROMA	Virxilio	<i>Eneida</i> (aventuras de Eneas desde a súa fuxida de Troia ata a súa chegada a Italia)
Poesía lírica (composicións máis breves de tema variado: amor, reflexión filosófica, amizade, etc.)	GRECIA	Safo	(varios poemas conservados, moitos en estado incompleto)
	ROMA	Horacio	<i>Odas</i>
Teatro (traxedia e comedia)	GRECIA	Sófocles	<i>Edipo rei</i> (traxedia)
		Aristófanes	<i>As ras</i> (comedia)
	ROMA	Plauto	<i>A comedia da oliña</i>

BLOQUE 12

A ARTE GREGA

Na seguinte táboa expóñense os trazos máis importantes da arquitectura e escultura gregas:

ARQUITECTURA	Adopción da planta rectangular na edificación de edificios públicos, especialmente templos	
	Desenvolvemento de tres estilos arquitectónicos, baseados na forma das columnas e os seus remates (capiteis): dórico (sinxelo), xónico (máis elaborado) e corintio (moi elaborado)	 The diagram illustrates the three Greek architectural orders with their characteristic parts labeled: Dórico: Collarino, Equino, Estria, Arista, Tambor, Escocia, Basamento, Crépida. Jónico: Voluta, Rosetón, Hoja de acanto, Estragalo, Bocel, Escocia, Bocel intermedio. Corintio: (The diagram shows the capital with acanthus leaves and a volute, but no specific labels are provided for this order in the image).
ESCULTURA	Atención á figura humana	
	Adopción do canon ou proporción clásica : a altura total do corpo equivale á de 8 cabezas	